

## DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVERTEMENTOS DO EXERCICIO 2024.**

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercicio 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito, a núm.: 40-2024, por un importe total de 44.000,00 €, , e vista a proposta da Excma. Sra. Alcaldesa do 22.08.2024 que dí :

" Vista providencia do Servizo de Enxeñería , do 21.08.2024, asinada polo enxeñeiro técnico municipal, Alberto Cardama Cid, coa conformidade do responsable da área xestora, Alexandre Penas Róibas , de solicitude de tramitación de modificación do plan de investimentos do exercicio 2024, do teor literal seguinte:

" O Proxecto de Orzamento do exercicio 2024 atópase en fase de execución. Dende a Área de Infraestruturas Urbanas, fórmulase a seguinte proposta para a modificación do plan de investimentos, afectando ás seguintes partidas:

- 24XX00008 - 15300.60900 - Mobiliario urbán

- 24XX00015 - 15300.62400 - Furgóns Brigada municipal de Vías e Obras

Na partida correspondente a furgóns, 24XX00015 15300.62400, consignárase un total de 40.000, en base aos prezos de mercado de hai un ano, supondo a adquisición dunha soa unidade, para substituír o furgón que actualmente está alugado á empresa Servi Lugo.

Os prezos rexistraron un lixeiro incremento dende entón, tendo pasado un ano. Doutra banda, enténdese que é necesario adquirir un segundo furgón, debido ao mal estado do furgón actualmente empregado pola brigada, un furgón Nissan Vanette que ten máis de 30 anos de antigüidade.

A licitación non se completará ata finais de ano. Asemade, é convinte evitar que quede deserta, para non perder a cantidade consignada.

Por tanto, enténdese que a cantidade que ha de figurar é de 84.000 euros, para contemplar a adquisición de dous furgóns, cun prezo unitario estimado de 42.000 euros. Polo tanto, propónse pasar as seguintes cantidades á partida para a adquisición de furgóns:

- 44.000,00 € do 24XX00008 15300.60900 Mobiliario urbán.

En virtude do anteriormente exposto, PROPONSE:

Modificar o Plan de Invertementos do Orzamento Xeral Municipal, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución, consistindo dita modificación na minoración das previsións iniciais dos seguintes códigos de Proxecto:

44.000,00 € do 24XX00008 15300.60900 Mobiliario urbán.

E incrementando as previsións iniciais do seguinte Código de Proxecto:

24XX00015 15300.62400 Furgóns Brigada municipal de Vías e Obras: 44.000 € (pasa a sumar un total de 84.000 €)"

Advertiuse xa pola Intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións do plan de investimentos. Porén e dada as circunstancias que se poñen de manifesto no servizo de enxeñería e dado que ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

"A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán

## Intervención

LVP/lrb

Refª: ispac198048433246637330.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 40-2024 Furgóns vías e obras

ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía."

Propónse a incoación dun expediente de modificación do plan de investimentos segundo o seguinte tenor:

| <u>PROXECTO E PARTIDAS<br/>ORZAMENTARIA QUE CEDE<br/>CRÉDITO</u>        | <u>IMPORTE €</u> | <u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA<br/>QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>                      | <u>IMPORTE €</u> |
|-------------------------------------------------------------------------|------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 24XX00008 ( Mobiliario Urbán)<br>Aplicación orzamentaria<br>15300.60900 | 44.000 €         | 24XX00015(Furgóns brigada mun. vías e<br>obras)<br>Aplicación orzamentaria 15300.62400 | 44.000 €         |
| <b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>                                             | <b>44.000</b>    | <b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>                                                     | <b>44.000 €</b>  |

Remítese a presente providencia á Contabilidade Municipal aos efectos de incorporar os mandamentos contables RC Mod correspondentes, debendo remitir o expediente posteriormente á Intervención Municipal aos efectos da emisión dos informes oportunos."

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1223/2024, do 23.08.2024 así como o RCMOD Ref.: 56901/2024, por importe de 44.000,00 €, do 22.08.2024.

Tendo en conta que se ván advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiciadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, podendo ser indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste

**Intervención**

LVP/lrb

Refª: ispac198048433246637330.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 40-2024 Furgóns vías e obras

momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Considerando neste caso as circunstancias que se poñen de manifesto polo servizo de enxeñería sobre a necesidade perentoria de dotarse dos vehículos para os que destina o crédito da modificación, e tendo en conta tamén que o financiamento se asocia a préstamo e non a recursos propios, unha vez constatado que na aplicación que cede crédito xa non é preciso imputar máis obrigas.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 44.000,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte positiva do presente decreto:

| <u>PROXECTO E PARTIDAS<br/>ORZAMENTARIA QUE CEDE<br/>CRÉDITO</u>                | <u>IMPORTE €</u> | <u>PROXECTO E PARTIDA<br/>ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA<br/>CRÉDITO</u>                               | <u>IMPORTE €</u> |
|---------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 24XX00008 ( <i>Mobiliario Urbán</i> )<br>Aplicación orzamentaria<br>15300.60900 | 44.000 €         | 24XX00015( <i>Furgóns brigada mun.<br/>vías e obras</i> )<br>Aplicación orzamentaria<br>15300.62400 | 44.000 €         |
| <b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>                                                     | <b>44.000</b>    | <b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>                                                                  | <b>44.000 €</b>  |

**SEGUNDO:** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.